



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Maio 2020

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2020

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 11,3% en Galicia en maio de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España o descenso é dun 20,2%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,4% mentres que caen no Resto de produtos un 16,4%.
- As vendas minoristas diminúen en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes diminúe un 13,9% en Galicia no mes de maio de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España o descenso é dun 22,4%.
- O índice xeral de ocupación diminúe o 1,8% en Galicia e o 3,6% no conxunto do Estado.
- A ocupación diminúe en todas as comunidades autónomas no mes de maio.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Maio 2020				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	91,7	-11,3	-7,7	
Xeral sen estacións de servizo	95,1	-7,9	-5,9	
Alimentación	100,9	3,4	4,9	
Resto	89,8	-16,4	-13,8	

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-7,9	-5,9
Resto	-9,3	-7,8

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 11,3% en Galicia en maio de 2020 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España descende un 20,2%.

A declaración do estado de alarma a causa da covid-19 provocou que unha parte importante de empresas de comercio minorista permanecesen pechadas no mes de abril. A partir do 4 de maio foron abrindo paulatinamente e de forma diferenciada por comunidade autónoma segundo a fase de desescalada na que se foron atopando, o que incrementou as vendas minoristas respecto ao mes de abril.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 7,9% respecto a maio de 2019 en Galicia, superando en 12,0 puntos a taxa de abril. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 3,4% en Galicia (1,3 puntos máis que no mes anterior) mentres que diminúe un 1,3% no conxunto de España (taxa inferior á do mes de abril, -0.6%).
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 16,4% en Galicia (taxa 21,4 puntos superior á de abril) e do 31,5% no conxunto do Estado (fronte á caída do 53,3% en abril).

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 7,7% en Galicia e un 12,2% no conxunto de España. As vendas en Alimentación aumentan un 4,9% en Galicia e un 2,3% en España. As vendas no Resto de produtos diminúen un 13,8% en Galicia e un 21,0% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -9,3%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas diminúen en maio en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos danse en Illes Balears (-28,7%) e Canarias (-28,5%). As menores baixadas rexístranse en Galicia (-11,3%) e Castilla - La Mancha (-15,1%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2020

Taxas de variación en %



No que vai de ano, as maiores caídas nas vendas rexístranse en Canarias (-17,7%) e Illes Balears (-17,0%). Os menores descensos danse en Galicia (-7,7%) e Castilla – La Mancha (-9,2%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes diminúe un 13,9% en Galicia no mes de maio de 2020, e un 22,4% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 8,3% en Galicia e un 18,4% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 6,7% mentres que no Resto de produtos redúcense un 19,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación crecen o 1,8% e no Resto de produtos diminúen o 33,8%.

Índices de comercio polo miúdo. Maio 2020				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	92,5	-13,9	-8,8
	Xeral sen estacións de servizo	97,4	-8,3	-6,2
	Alimentación	109,5	6,7	7,3
	Resto	87,8	-19,0	-15,9

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-13,9	-8,8
Xeral sen estacións de servizo	-8,3	-6,2
Alimentación	6,7	7,3
Resto	-19,0	-15,9

No que vai de ano, o índice xeral diminúe un 8,8% en Galicia e un 13,2% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 7,3% en Galicia e un 4,9% en España mentres que diminúen as vendas do Resto de produtos, -15,9% en Galicia e -23,1% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación¹ amosa unha taxa de variación interanual do -1,8% no mes de maio en Galicia e do -3,6% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, o persoal ocupado diminúe un 0,2% en Galicia e un 1,0% en España.


¹ Nos datos de emprego hai que ter en conta que as persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista diminúe en maio en todas as comunidades autónomas. Os maiores descensos rexístranse en Illes Balears (-10,4%) e Navarra (-5,2%). As menores baixadas amósanse en La Rioja (-1,8%) e Galicia (-1,8%).

Índice xeral de ocupación. Maio 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC².

² Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	92,5	-13,9	-8,8	91,7	-11,3	-7,7
Xeral sen estacións de servizo	97,4	-8,3	-6,2	95,1	-7,9	-5,9
Alimentación	109,5	6,7	7,3	100,9	3,4	4,9
Resto	87,8	-19,0	-15,9	89,8	-16,4	-13,8
España						
Xeral	85,8	-22,4	-13,2	84,9	-20,2	-12,2
Xeral sen estacións de servizo	89,1	-18,4	-11,0	87,1	-18,1	-10,7
Alimentación	111,3	1,8	4,9	102,7	-1,3	2,3
Resto	72,3	-33,8	-23,1	74,0	-31,5	-21,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	96,0	-12,6	-8,7	97,3	-9,3	-7,2
Xeral sen estacións de servizo	101,0	-8,5	-6,5	99,6	-7,8	-5,7
Alimentación	111,0	5,7	6,7	102,4	2,7	4,2
Resto	93,8	-18,3	-16,3	96,7	-15,7	-14,4
España						
Xeral	87,3	-21,3	-13,1	87,4	-19,0	-12,3
Xeral sen estacións de servizo	91,3	-17,3	-11,0	89,9	-16,9	-10,8
Alimentación	112,6	2,6	4,3	104,2	-0,3	1,8
Resto	74,2	-32,8	-23,3	77,1	-30,4	-21,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	85,8	-22,4	-13,2	84,9	-20,2	-12,2
Andalucía	82,6	-25,2	-13,9	81,8	-23,4	-13,1
Aragón	83,8	-22,1	-14,1	83,7	-19,3	-12,8
Asturias	85,0	-18,7	-12,5	84,7	-15,8	-11,1
Balears, Illes	84,2	-30,8	-18,1	83,9	-28,7	-17,0
Canarias	75,9	-28,9	-17,5	74,0	-28,5	-17,7
Cantabria	80,4	-21,9	-11,9	79,2	-19,6	-10,9
Castilla y León	78,5	-25,9	-14,1	77,9	-23,3	-13,0
Castilla-La Mancha	89,9	-18,2	-10,3	89,5	-15,1	-9,2
Cataluña	80,6	-25,2	-14,9	79,0	-22,9	-13,9
Comunitat Valenciana	88,6	-19,4	-11,4	88,5	-16,9	-10,3
Extremadura	79,7	-22,2	-12,5	79,2	-20,3	-11,7
GALICIA	92,5	-13,9	-8,8	91,7	-11,3	-7,7
Madrid	96,9	-18,6	-11,5	96,2	-16,2	-10,3
Murcia, Región de	83,9	-25,5	-14,6	83,4	-23,6	-13,9
Navarra	89,7	-22,9	-14,0	88,5	-20,1	-12,9
País Vasco	88,8	-19,6	-11,1	87,2	-17,8	-10,4
Rioja, La	88,5	-18,7	-12,3	87,0	-16,0	-11,1
Ceuta	72,0	-28,1	-18,0	70,9	-26,7	-17,0
Melilla	69,6	-34,7	-21,0	68,5	-34,0	-20,5

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,2	-1,8	-0,2
Xeral sen estacións de servizo	101,0	-1,7	-0,2
España			
Xeral	100,3	-3,6	-1,0
Xeral sen estacións de servizo	100,3	-3,6	-1,0

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Maio 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	100,3	-3,6	-1,0
Andalucía	97,1	-4,0	-1,3
Aragón	100,6	-2,5	-0,5
Asturias	102,7	-3,4	-1,7
Balears, Illes	103,1	-10,4	-3,7
Canarias	102,6	-4,9	-1,9
Cantabria	98,4	-3,0	-1,3
Castilla y León	100,7	-2,4	-0,6
Castilla-La Mancha	97,7	-3,4	-1,2
Cataluña	100,1	-3,1	-0,6
Comunitat Valenciana	104,0	-2,7	0,0
Extremadura	98,2	-3,4	-1,2
GALICIA	101,2	-1,8	-0,2
Madrid	100,7	-4,1	-1,3
Murcia	99,6	-4,8	-1,4
Navarra	98,5	-5,2	-1,8
País Vasco	100,8	-2,1	-0,7
Rioja, La	102,9	-1,8	0,2
Ceuta	97,9	-3,0	-1,1
Melilla	99,6	-2,9	-1,9

Fonte: INE